


1

**situación
económica
de Galicia**



panorama xeral

ESTE CAPÍTULO TEN como obxectivo presenta-lo marco económico xeral no que se desenvolve a economía galega. En primeiro lugar analízase o panorama económico internacional (OCDE, UE-15, zona euro, Estados Unidos e Xapón), para descender posteriormente ó contexto español e á análise dos datos da eurorrexión.

O panorama económico internacional caracterizouse ó longo do ano 2001 pola ralentización do seu ritmo de crecemento. A economía de Estados Unidos deixa de se-lo principal protagonista da medra económica mundial dos últimos anos, presentando unha medra do 1,2% (4,1% no ano anterior); na UE o incremento do PIB foi do 1,7% (3,4% no ano 2000) e no estado español, do 2,8% (4,1% no 2000).

A análise deste marco económico parte da información facilitada pola OCDE, o Eurostat, o INE, o Banco de España e o INE de Portugal.

Finalmente, analízase a converxencia real da economía galega respecto ó conxunto do estado e á UE, tendo como indicadores o produto interior bruto por habitante (prezos constantes) no primeiro caso e o PIB por habitante (poder de compra) no caso da UE. Cómpre salientar, por unha banda, que Galicia, entre os anos 2000 e 2001, por mor do efecto da poboación, converxe coa media estatal. Por outra, se se consideran os 10 países candidatos a formar parte da UE nos vindeiros anos, Galicia seguiría sendo unha rexión obxectivo 1 ó representa-lo seu PIB per cápita o 72% da media comunitaria.

Panorama económico internacional

O panorama económico internacional caracterizouse ó longo do ano 2001 pola ralentización do ritmo de crecemento económico. Europa presenta nese ano un maior dinamismo que a economía americana e que o conxunto dos países da OCDE, mentres que

1.

Economía internacional 2000-02: variacións interanuais dos principais indicadores

	2000	2001	2002
PIB			
OCDE	3,9	1,0	1,8
EE.UU.	4,1	1,2	2,5
Xapón	2,4	-0,4	-0,7
Zona Euro	3,5	1,6	1,3
UE-15	3,4	1,7	1,5
Demanda interna			
OCDE	3,9	0,7	1,9
EE.UU.	4,8	1,3	3
Xapón	1,9	0,3	-1,5
Zona Euro	2,9	0,9	1,2
UE-15	3,1	1,2	1,4
Exportacións			
OCDE	11,6	-1,5	0,4
EE.UU.	9,5	-4,5	-2,8
Xapón	12,4	-6,6	1,9
Zona Euro	12,3	2,7	2,1
UE-15	12,0	2,2	1,8
Importacións			
OCDE	12,3	-1,4	1,4
EE.UU.	13,4	-2,7	2,3
Xapón	9,6	-0,5	-5,6
Zona Euro	11,1	0,8	1,8
UE-15	11,1	0,9	1,7
Deflactor PIB			
OCDE	2,6	2,7	2,3
EE.UU.	2,3	2,2	1,5
Xapón	-2,0	-1,4	-1,4
Zona Euro	1,3	2,2	2,1
UE-15	1,4	2,3	2,3
Tipo de xuro a curto prazo			
EE.UU.	6,5	3,7	2,3
Xapón	0,2	0,1	0,1
Zona Euro	4,4	4,2	3,3
Desemprego			
OCDE	6,1	6,4	6,9
EE.UU.	4,0	4,8	5,6
Xapón	4,7	5,0	5,8
Zona Euro	8,5	8,0	8,2
UE-15	7,8	7,4	7,6

Fonte: OCDE, *Economic Outlook*, nº 71

Xapón, logo do crecemento positivo do ano 2000, volve a experimentar taxas de crecemento negativas.

No concernente á **zona euro**, os datos relativos ó total do ano 2001 amosan a ralentización do crecemento económico, que foi do 1,6% fronte ó 3,5% do ano anterior. A demanda interna medrou un 0,9% no ano 2001 fronte ó 2,9% do ano anterior, en tanto que as exportacións e importacións presentan unha medra do 2,7% e 0,8%, aproximadamente dez puntos inferiores ás taxas rexistradas no ano anterior. A taxa de crecemento do PIB para o conxunto do ano 2000, **cadro 1.1.1.**, situouse no 1,6% de media anual fronte ós 3,5% do ano anterior.

A taxa de inflación en Europa, medida a través do deflactor do PIB, presenta na zona euro (máis Grecia) un nivel do 2,2%, un valor inferior ó existente no conxunto dos países da OCDE (2,7%). Comparado co ano anterior, o deflactor do PIB medra case un punto na zona euro pasando do 1,3% ó devandito 2,2%.

O desemprego continúa a súa tendencia decrecente, situándose o desemprego medio nos países da zona euro (máis Grecia) no 8% no ano 2001, sendo na Europa dos quince do 7,4% e no conxunto da OCDE do 6,4%.

A **economía estadounidense** presenta unha importante ralentización do seu crecemento, experimentando no ano 2001 un cre-

cimento do seu PIB do 1,2% fronte ó 4,1% do ano anterior. A demanda interna é o motor da súa economía, cunha medra do 1,3% respecto ó ano anterior, en tanto que as exportacións e importacións de bens e servicios descenden un 4,5% e 2,7%, respectivamente. Esta ralentización da economía provoca un aumento da taxa de desemprego que pasa do 4,0% do ano 2000 ós 4,8% do ano 2001. A taxa de inflación é unha décima inferior á do ano 2000 situándose no 2,2%.

A **economía de Xapón**, despois do crecemento do 2,4% do ano 2000, volve a experimentar no ano 2001 unha taxa de crecemento negativa, co -0,4%. En xeral, a economía xaponesa amosa certa debilidade da demanda interna, unha redución tanto das exportacións como das importacións, e tamén un comportamento marcadamente deflacionista atendendo ós datos do deflector do PIB. Asemade, a taxa de desemprego en Xapón medra no ano 2001 ata o 5,0%.

Panorama económico de España

O ano 2001 non pode considerarse un bo ano para a economía española dende o punto de vista da actividade e do emprego dada a ralentización paulatina do seu crecemento. Non obstante, comparado cos países do seu entorno, a actividade e o emprego rexistraron unha medra superior ó longo do 2001. Neste ano continuou o deterioro da taxa de inflación, que foi superior á prevista inicialmente polo goberno e superior á medra do índice de prezos harmonizados na Unión Europea.

Ó longo do ano 2001 o crecemento do PIB real da economía española foi do 2,8% fronte á medra do 4,1% rexistrada no ano anterior. Esta ralentización do crecemento (1,2 puntos porcentuais menos) trasladouse ó mercado de traballo, que rexistrou un crecemento da poboación ocupada do 2% no 2001 (4,8% no ano 2000 respecto a 1999) e un descenso do número de parados do 6,6%, fronte ó descenso do 9% do 2000.

Dende a óptica da **demanda**, o cadro macroeconómico reflicte que a ralentización da economía ven explicada fundamentalmente polo comportamento da demanda interna, que medra un 2,9% respecto ó ano 2000, cando medrara un 4,3%. A achega da demanda externa ó crecemento do PIB no último ano segue sendo negativa, aínda que de forma modesta.

A evolución da demanda interna é resultado do debilitamento do gasto en consumo final (medra un 2,8% respecto ó 2000, fronte ó aumento do 4,0% no ano anterior) e da formación bruta de capital (2,5% no 2001 e 5,7% no ano 2000), e especialmente, do retroceso do investimento en bens de equipo, que decrece un 2,2% respecto ó ano 2000.

No concernente ó sector exterior, a debilidade económica internacional condicionou a evolución das exportacións e importacións de bens e servicios. O **cadro 1.1.2.** reflicte un crecemento das mesmas en torno ó 3,5% respecto ó ano 2000, máis de seis puntos porcentuais menos que no mesmo período do ano anterior.

Dende a óptica da **oferta**, o devandito **cadro 1.1.2.** amosa que tódalas ramas de actividade, agás a dos servicios non de mercado, rexistran no ano 2001 unha moderación do seu crecemento. O VEB xerado polo sector primario, ó contrario do acontecido no ano 2000, se reduce un 0,3% en 2001 respecto ó ano 2000.

O crecemento do VEB das ramas industriais no seu conxunto (industria e enerxía) foi do 1,3%, 2,7 puntos porcentuais menos que no ano anterior. Tal e como reflicte o devandito **cadro 1.1.2.**, tanto a rama industrial como as ramas enerxéticas presentan no último trimestre do ano 2001 un crecemento negativo (-0,1% e -0,4%, respectivamente). Ó igual que no ano anterior, a construción foi o sector de actividade que rexistrou o maior crecemento do VEB, co 5,5% (6,3% no ano 2000).

1.

Evolución do PIB e das súas compoñentes en España 2000-01: base 1995 ⁽¹⁾

	2000	2001	2001			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	4,0	2,8	2,6	2,6	2,7	3,3
Gasto en consumo final dos fogares	4,0	2,7	2,9	2,6	2,3	3,1
Gasto en consumo final das ISFLSH	3,0	2,1	5,1	2,3	0,8	0,4
Gasto en consumo final das AA.PP	4,0	3,1	1,9	2,4	4,3	4,0
Formación bruta de capital fixo	5,7	2,5	4,0	2,7	2,0	1,3
Bens de equipo	4,8	-2,2	1,7	-1,9	-3,6	-4,9
Construcción	6,2	5,7	6,2	6,1	5,5	5,1
Outros produtos	5,7	0,8	1,6	1,1	0,5	0,1
Variación de existencias (2)	-0,1	0,1	-0,1	0,5	-0,5	0,6
Demanda interna	4,3	2,9	2,9	3,1	2,2	3,4
Exportacións de bens e servicios	9,6	3,4	10,9	3,7	1,6	-1,6
Exportacións de bens	9,2	2,0	10,2	3,0	-0,3	-4,4
Exportacións de servicios	10,6	6,8	13,0	5,3	5,1	5,5
Importacións de bens e servicios	9,8	3,7	7,2	6,5	-0,0	1,1
Importacións de bens	9,6	3,6	7,2	6,4	-0,1	1,1
Importacións de servicios	10,7	3,8	7,3	7,2	0,1	1,0
PIB a prezos de mercado	4,1	2,8	3,7	2,1	2,7	2,6
Ramas agraria e pesquera	1,5	-0,3	3,1	-3,2	-1,1	0,5
Ramas enerxéticas	4,0	2,2	5,0	3,3	0,8	-0,4
Ramas industriais	4,0	1,1	1,4	0,9	2,3	-0,1
Construcción	6,3	5,5	5,8	5,7	5,2	5,3
Ramas dos servicios	3,9	3,3	3,8	3,2	3,0	3,4
Servicios de mercado	4,2	3,5	4,6	3,5	2,8	3,1
Servicios de non mercado	2,7	2,9	1,4	2,1	3,7	4,5
Impostos netos sobre os produtos	5,1	1,5	5,5	-3,3	1,2	2,1
IVE que grava os produtos	5,1	2,6	6,1	-8,0	-2,9	11,9
Impostos netos sobre prod. importados	7,3	-4,6	1,3	-3,6	-9,6	-5,6
Outros impostos netos sobre os produtos	5,0	-0,2	4,1	3,6	7,2	-29,9

(1) a partir do primeiro trimestre de 1999 o INE presenta a Contabilidade Nacional adaptada á metodoloxía do SEC-95

(2) contribución ó crecemento do PIB

Fonte: INE

1.

O sector servicios presenta unha taxa de crecemento do 3,3%, seis décimas menos que no ano 2000. Ó igual que no ano anterior, esta desaceleración ven explicada pola evolución dos servicios de mercado, que presentan unha taxa de crecemento do 3,5% fronte ós 4,2% do ano anterior. Pola contra, os servicios non de mercado aceleran o seu ritmo de crecemento, pasando dunha medra de 2,7% en 2000 ós 2,9% no ano 2001.

Dende a óptica do **mercado de traballo**, o número medio de ocupados no ano 2001 medrou un 2,0% respecto ó ano 2000, acadando as 14.768,4 miles de persoas (294,4 miles de ocupados máis). A poboación activa (16.981,5 miles de persoas) rexistrou unha medra de 0,8% en relación a 2000, en tanto que o número de parados descendeu un 6,6% para situarse nos 2.213,1 miles de parados. A taxa de desemprego descendeu ata o 13,0% fronte ós 14,1% do ano anterior.

Respecto á **competitividade** da economía española fronte á Unión Europea, a países desenvolvidos e a países industrializados, o **cadro 1.1.3.** reflicte unha perda de competitividade fronte as tres zonas tanto en termos do IPC como en termos de prezos industriais. O cadro amosa que no ano anterior, España só perdía competitividade respecto á UE en termos do IPC.

Panorama económico da euronrexión

A euronrexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.1.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados, e conta a comezos do ano 2001 cunha poboación de 6.368,4 miles de persoas, o que implica unha densidade media de 125,9 habitantes por quilómetro cadrado.

A poboación ocupada no cuarto trimes-

CADRO 1.1.3.

Índices de competitividade de España fronte á UE e á OCDE 1997-01

	Fronte a UE		Frote a países desenvolvidos		Fronte a países industrializados	
	IPC	Índice de Prezos industriais	IPC	Índice de Prezos industriais (base 1999=100)	IPC	Índice de Prezos industriais
1997	99,1	99,2	99,3	99,3	98,6	98,7
1998	99,1	99,2	99,6	99,7	99,8	99,8
1999	99,8	99,4	99,0	98,7	98,9	98,5
2000	100,2	98,2	97,4	96,0	96,7	95,3
2001	101,5	99,5	98,9	97,4	98,3	96,9

Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

CADRO 1.1.4.

Indicadores principais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorrexión
Superficie	Km ²	--	29.575	21.278	50.853
Poboación de dereito	miles de persoas	01/01/2001 31/12/2000	2.732,9	3.635,5	6.368,4
Poboación ocupada			985,1	1.842,3	2.827,4
Agricultura e pesca			142,8	220,0	362,8
Industria e construción	miles de persoas	4º trim. 2001	318,8	797,7	1.116,5
Servicios			523,5	824,6	1.348,1
Taxa de paro	(%)		13,2	3,6	
PIB per cápita	EU-15=100	1999	65	61	
PIB per cápita	EU-15=100	1997-98-99	64	61	
Índice de poder de compra	España=100 Portugal=100	1997	93,7	83,2	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE, Eurostat e do Instituto Nacional de Estadística de Portugal

tre do 2001 era de 2.827,4 miles de persoas (un 1,8% máis que no mesmo período do ano anterior), o que representa aproximadamente o 44,4% da poboación total da eurorrexión. Atendendo á distribución por sectores económicos, o sector servicios acolle o 47,7% da poboación ocupada total, fronte o 39,5% dos sectores da industria e construción, considerados conxuntamente, e os 12,8% do sector primario.

O devandito cadro reflicte a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e no Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da poboación ocupada nos sectores servicios e primario (o 14,56% da poboación ocupada o fai no sector primario e o 53,1% no sector servicios, fronte ó 11,9% e 44,8%, respecti-

vamente, no Norte de Portugal), no Norte de Portugal o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é superior ó rexistrado en Galicia: o 43,3% e 32,4%, respectivamente.

Comparado cos datos rexistrados no mesmo período do ano precedente, o aumento da poboación ocupada na eurorrexión débese ó crecemento da mesma no Norte de Portugal, con 52,9 miles de ocupados máis, xa que Galicia rexistrou unha caída dos ocupados no último trimestre do ano (2,2 miles de traballadores menos). Atendendo á distribución sectorial, a poboación ocupada aumenta tan só no caso do sector servicios, con 90,8 miles de persoas ocupadas máis.

A pesares do descenso da taxa de desemprego en Galicia no ano 2001, esta é

moi superior á rexistrada no Norte de Portugal: mentres que en Galicia era do 13,2%, no Norte de Portugal era do 3,6%.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE-15 é igual a 100, no ano 1999 o PIB per cápita en Galicia é superior ó estimado para a rexión Norte de Portugal: 65 e 61 respectivamente. Se se ten en conta a media dos anos 1997-99, Galicia presenta un índice tres puntos superior ó rexistrado para o Norte de Portugal: a primeira presenta un 64 e a segunda un 61.

Análise da converxencia real

Un último aspecto a considerar é o relativo á análise da converxencia real con España e a Unión Europea a partires do PIB por habitante (media española igual a 100) e PIB por habitante medido en paridades de poder de compra (media UE-15 igual a 100).

Atendendo á converxencia real con España, o índice PIB por habitante, **cadro C.1.2.** (*Converxencia real das CC.AA. fronte a España e a Unión Europea*), amosa que entre os anos 2000 e 2001 Galicia reduce lixeiramente a distancia con respecto á media española, ó presentar este índice uns valores de 79,6 e 80,4 respectivamente. Esta converxencia coa media estatal prodúcese por mor da evolución da poboación xa que se mantemos constante a poboación entre os dous anos, o índice PIB per cápita redúcese tres décimas, pasando de 79,6 a 79,3 no ano 2001.

Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia está por diante de Andalucía, Estremadura e Ceuta e Melilla, onde o índice PIB por habitante acada, no ano 2001, un valor de 76,0 e 68,1 e 78,7, respectivamente.

Con respecto á UE-15, o PIB por habitante (poder de compra) galego no ano 1999 era o 65,4% do valor medio da UE-15, cando no conxunto do estado, este índice acada un valor de 82,2. Tal e como reflicte o devandito

cadro C.1.2., o PIB por habitante (poder de compra) no período 1997-99 e o 64,1% da media europea, sendo no conxunto do estado do 80,5%.

Se se considera o PIB per cápita da Unión Europea e os 10 países candidatos a formar parte da mesma na futura ampliación (UE15+AC10 igual a 100), **cadro C.1.2.**, Galicia seguiría sendo unha rexión obxectivo 1, xa que o PIB per cápita galego representa o 72,0% do PIB comunitario por habitante. Por debaixo do 75% da media comunitaria situaríanse Andalucía (66,1%), Castela A Mancha (71,6%), Estremadura (57,0%) e Ceuta e Melilla (72,0%), sendo de 75,1% no caso de Murcia.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE 15 é igual a 100, no ano 1999 o PIB por habitante en Galicia é superior ó estimado para a rexión Norte de Portugal: 65,4 e 60,8, respectivamente. Na media dos anos 1997-1999, os valores son de 64,1 no caso de Galicia e de 61,4 no caso da rexión Norte de Portugal. ■

